

Agradecementos

Xa para rematar, queremos dar un por un as gracias a toda a xente que nos prestou a súa axuda e que, sen dúbida ningunha, fixo posíbel que esta Festa saia tan ben como está a saír:

A toda a **xente de Beluso** que nos deu os seus cartos e a súa confianza, permitíndonos realizar este proxecto de Festa na que se conxugan o tradicional e o novo. Ás **Mozas e Mozos de Beluso** de todas as idades, porque para fillos, pais e avós van os dous días de *Esmorgha*. A **Victor M. Cabaleiro, Leiro**, por todo, que non é pouco. A **Xavi Castro**, por ensinarnos a botar cola aos cartaces sen quedar pegados a eles. A xente do **Aturuxo: Ghomes, Ramón e Manolo**, por vender as camisetas e deixarnos todo o que nos fixo falla, igualmente que fixeron **Álex, Chino e Juani** (os do *Zappa*). Ao **Colectivo Rebolo**, polo apoio constante e por compartir as nosas angueiras culturais e musicais. No mesmo sentido, á **Asociación Socio-Cultural e Deportiva de Meiro** por deixarnos beber da experiencia atesourada co *Rural Rock*. Á **A.V.V. O Progreso** por termos animado e por estar para nós en todo momento. A **Xulio Cordeiro**, o de *Chouteira*, e a toda a **organización do Herba e Son** de Liméns, por ensinarnos. Ao **Coro de Beluso** por ensaiar para nós. A **Finita** e a **Severo** por deixarnos a finca para a *xogo da Chave*. A **Chelo García** e a **Xavi Framil**, por evitar sempre que o vento nos viñese de costado. Para **Silvia a de Soutelo** (non nos lembramos do apelido) polo ánimo e por ser tan simpática. A **Luis o Caruncho** e a **Pinto de Herbón**, por aguantar o noso asalto no *Café do Real* (Moaña) e darnos todas as facilidades. A **Manolo**, por vir co grupo co baile e co bombo. A **Toñito Parcero**, pola orquestra. Ás **Mocidades de Beluso, Bueu e Cela**, por encher a Festa e por cantar os *Vivas* connosco. Ás **familias de todos nós**. Ao **Goberno Municipal**, ao que foi e ao que é, por estar aí. Tamén A **Marino**, "*por Compañeiro*". A **Edelmiro** por vir connosco a pedir a Meiro. A **Pichurri** polo cacho que perdeu de madeira por nós. A todos eses **grupos folk**, as **palilleiras**, os do **teatro**, a **Raquel** (a bibliotecaria), etc. etc., pola súa axuda desinteresada. A **X. L. Álvarez Riobó** e a **Copimeu**, sen os cales estes libros serían fotocopias. A **Manolo** e a **Gharita** polas badaladas; e a un sinfín de persoas máis: **Alborada**, ós **homes dos tractores**, a **Iago** e **Alexandra** por abraiamos cos seus traxes, ós **nenos das comuñóns** e a **Dora** por preparalos, a **Malita** por adornar a *Virxe*, a **Santos** e a **Tomás** polo *chiringuito* e a **Sita** polos lazos. A **Guillermo Martínez** pola horas

empleadas no cartaz. Tamen a **Carmen Menduíña** e a **Carlos Pintos** polas súas pinceladas e a **tódolos establecementos** que se anuncian neste libro. Cáseque para rematar, o agradecemento máis especial **para todos aqueles que se nos esquenceron**, que saiban que sí, que nos lembramos deles. Todos nos aguantaron nos bos e nos malos momentos pasados nestes dous intensos anos de recuperación da *Festa dos Mozos*, desexando que estas colaboracións e a simpatía que nos mostran sigan aumentando cos anos. **A nós mesmos** porque sí, porque sí e máis porque tamén.

Finalmente, a todos os que antes foron *Mozos* e nos abriron os camiños, recollendo o seu espírito e ganas de divertirse. Eles tamén sabían que a *Festa* non morre se un non quere.

